

## CGT Pontevedra: Homenaxe ao doctor Luis Montes



Organizado pola CGT - Pontevedra tivo lugar este martes, 5 xuño, ás 20,00h, na Sala VerSus de Pontevedra o "Homenaxe ao doctor Luis Montes", médico, recentemente falecido, admirado defensor da sanidade pública, loitador contra as privatizacións e recortes e dende 2009 ata a súa morte Presidente federal da asociación "Derecho a Morir Dignamente". Luis Montes (Villarino de los Aires, 1949 - Madrid, 2018) foi acosado e perseguido inxustamente polas autoridades políticas e político-sanitarias da Comunidade de Madrid. O acto foi seguido por un numeroso público que desbordou a capacidade da propia Sala polo que tiveron que abrirse as portas para que todos os asistentes poidesen seguir de pé as intervencións dos ponentes: Ascensión Cambrón, Presidenta de "Derecho a Morir Dignamente" (DMD) - Galicia, Víctor Pedreira, Psiquiatra, ex-xefe do Servizo de Psiquiatría en Pontevedra e Rodrigo Vázquez, representante da CGT e socio de DMD

Comité Local CGT Pontevedra